



Concello de A Mezquita

<https://amezquita.gal/>

BANDO

CAMBIOS NA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

O noso Concello delegou na Deputación a competencia de establecemento, imposición e ordenación das taxas pola prestación do servizo de recollida de lixo, en virtude do "Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios".

En data 30 de decembro de 2025 publicouse a aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa provincial pola prestación do servizo intermunicipal delegado de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local.

Os **cambios** máis relevantes cara a cidadanía pódense resumir en:

1º.- **O Cobro da taxa de lixo é anual (un único recibo)** e segundo o calendario fiscal publicado no BOP de data 30 de xaneiro de 2026 (nº 30), as datas de pagamento comprenderán do 15 de xullo ata o 30 de setembro.

2º.- As **modificacións de suxeitos pasivos** con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada ano, producirán efectos no **ano natural seguinte**.

En A Mezquita, a 6 de marzo de 2026.

O ALCALDE,
(documento asinado dixitalmente na marxe)

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

